



Todo o entretemento de Max, en R, dende o 21 de maio

- **Os/as xa clientes/as e quen contraten agora o combo infinito de R poderán gozar gratis, durante tres meses, da oferta de contidos deste novo servizo de streaming.**
- **Ao remate dese período promocional aplicarase un 20 % de desconto sobre o prezo do servizo.**

Martes, 21 de maio de 2024.- R e Warner Bros. Discovery asinaron un acordo polo que o operador galego pon á disposición dos seus clientes/as, a partir do 21 de maio, o amplo e exclusivo catálogo de contidos de entretemento do novo servizo de *streaming* **Max**.

Tanto os/as xa clientes/as como as novas altas que dispoñan dun combo *infinito* (fibra + xigas ilimitados e TV) poderán probar de xeito gratuíto durante tres meses o universo de entretemento de Max, con propostas para todo tipo de públicos, independentemente dos seus gustos e idades. Concluído o período promocional será posible seguir gozando destes contidos *premium* ao mellor prezo: 8 €/mes, un desconto aproximado do 20 % sobre o custo habitual do servizo (9,99 €/mes).

Contidos de HBO, pelis da Warner e Harry Potter, entre outros

Max, o renovado servizo de *streaming* de Warner Bros. Discovery, inclúe producións orixinais da plataforma HBO, películas de Warner Bros., Max Originals, o universo DC, a franquía Harry Potter, unha ampla oferta de contido infantil e programación de primeiro nivel sobre alimentación, fogar, *realities*, estilo de vida e documentais de marcas líderes como HGTV, Food Network, Discovery Channel, TLC, ID e máis.

Así, os/as clientes/as da televisión de R poderán gozar tamén agora de series tan aclamadas pola crítica e o público como 'Xogo de Tronos' e o seu *spin off* 'A Casa do Dragón' (da que Max estreará a súa segunda tempada en xuño), 'Big Band Theory', 'Succession', 'Os Soprano' ou 'The Last of Us'; sagas tan populares como a de Harry Potter, 'Matrix' ou 'O Señor dos Aneis'; todas as aventuras dos superheroes de DC, como Batman, Aquaman ou Wonder Woman; ou os personaxes máis queridos polos/as pícaros, como Ben 10, Gumball, Bugs Bunny ou Scooby Doo, entre outros. Tamén conta con deporte en *streaming* coa canle Eurosport, que inclúe competicións de tenis e ciclismo e a retransmisión dos Xogos Olímpicos de 2024, que se celebran en París este verán.

A oferta de Max en R incorpora o **plan estándar**, que permite a visualización simultánea en dous dispositivos, contidos en Full HD e ata 30 descargas *offline*. Máis información en: [Max | La experiencia de streaming mejorada llega el 21 de mayo](#)

publicidades se non podes visualizar correctamente este correo electrónico, [fai clic aquí](#)



max
moito máis que ver

chega Max a R con estreas imprescindibles,
éxitos, series icónicas, historias reais,
superheroes, deportes en directo e documentais.



Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. R, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e en servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica, superando xa a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos con esta tecnoloxía, a máis avanzada do mercado, e o 90 % da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

O servizo de televisión de R, prestado a través de Agile TV, inclúe unha oferta ampla e diversa de contidos, con máis de 100 canles e programación á carta, accesible en modalidade multidispositivo. R tamén ofrece contidos de plataformas como Netflix, Amazon Prime, DAZN e, dende agora, MAX.

Sobre Warner Bros. Discovery

Warner Bros. Discovery (NASDAQ: WBD) é unha compañía global de medios e entretemento que crea e distribúe o catálogo de contido e marcas de televisión, cine e streaming máis diverso e completo do mundo. Dispoñible en máis de 220 países e territorios e en 50 idiomas, Warner Bros. Discovery inspira, informa e entretén audiencias de todo o mundo a través das súas icónicas marcas e produtos, incluídas: Discovery Channel, Max, discovery+, CNN, DC, Eurosport, HBO, HBO Max, HGTV, Food Network, OWN, Investigation Discovery, TLC, Magnolia Network, TNT, TBS, truTV, Travel Channel, MotorTrend, Animal Planet, Science Channel, Warner Bros. Film Group, Warner Bros. Television Group, Warner Bros. Games, New Line Cinema, Cartoon Network, Adult Swim, Turner Classic Movies, Discovery en Español, Hogar de HGTV e outros. Para máis información, visita www.wbd.com.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal